




ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

C.E.I.P. PEPE DE XAN BAÑA
SANTA COMBA

**EDUCACIÓN
MUSICAL**



Índice

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	3
Primeiro curso	3
Segundo curso	4
Terceiro curso	6
Cuarto curso	7
Quinto curso	9
Sexto curso	11
2. Avaliación e cualificación	13
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	14
4. Información e publicidade	16

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

PRIMEIRO CURSO		
<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	CCEC CAA
	EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	CCEC CD
	EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.	CCEC
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.	CCEC
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da	CCEC CAA

diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	
	EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	CCEC CAA CMCCT

SEGUNDO CURSO

<i>Cráterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	CCEC CAA
	EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.	CCEC
	EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	CCEC
	EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a	CCEC CD

	discriminación auditiva das calidades traballadas.	
	EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís.	CCEC
B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.	EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos	CSC CCEC CAA
B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.	CCL CCEC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	CCEC CAA
	EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	CD CCEC
B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais.	EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	CCEC
B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa	EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con	CCEC CAA CMCCT

voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.	
---	--	--

TERCEIRO CURSO		
<i>Craterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.	EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.	CAA CCEC
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CMCCT
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou	EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar.	CAA

instrumentos, utilizando a linguaxe musical.		
B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.	CAA CCEC CSIEE
	EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC

CUARTO CURSO

<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.	EMB1.1.4. Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC CAA
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCL CCEC
B1.3. Analizar a organización de obras	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e	CAA CCEC

musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	agrupacións instrumentais ou vocais.	
	EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCCT
B1.4. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, amosando interese por coñecer instrumentos doutras culturas.	EMB1.4.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CAA CCEC
	EMB1.4.2. Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	CAA CCEC
B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.	EMB1.5.3. Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CAA CCEC
B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, así como valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC CAA
	EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC CAA

B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio, individual ou grupal.	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.	CAA CCEC
	EMB2.2.2. Aмосa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC

QUINTO CURSO		
<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	CCEC CCL
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	CCEC CAA CCL
	EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	CCEC CMCCT
	EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.	CCEC
B1.5. Coñecer e identificar as principais	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	CCEC CAA

familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	CCEC CAA CCL
B1.7. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais en relación coas artes plásticas e a música.	EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.	CCEC
	EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.	CCL CD
B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.	CCEC CAA
	EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC

SEXTO CURSO

<i>Cráterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias Clave</i>
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.	CCEC CCL CAA
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC CAA CCL
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.	EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	CCEC CAA
	EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC
	EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC
	EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	CAA

B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC CAA CD
	EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA CD CCL

2. Avaliación e cualificación

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
<i>Avaliación</i>	<p>Procedementos: a avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances e os atrasos que se poidan producir. O traballo realizado polo alumnado neste trimestre só se valorará positivamente. Valorarase en maior medida a participación.</p> <p>Instrumentos: diario de aula (logo da observación directa do traballo recibido).</p>
<i>Cualificación final</i>	<p>A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerará en conxunto as avaliación de todo o curso. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p>
<i>Proba extraordinaria de setembro</i>	<p>Non procede.</p>
<i>Alumnado de materia pendente</i>	<p>O alumnado que teña algunha avaliación pendente non terá que realizar ningunha recuperación específica dado o carácter de avaliación continua da área.</p> <p>Criterios de avaliación: non procede.</p> <p>Criterios de cualificación: o alumnado recuperará as avaliacións pendentes no momento de superar as avaliacións posteriores, cunha cualificación de <i>Suficiente</i>.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: non procede.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	
Actividades	<p><u>Actividades de recuperación</u>: dado o carácter de avaliación continua da materia, non serán necesarias.</p> <p><u>Actividades de reforzo</u>: serán minoritarias e estarán destinadas especialmente a aquel alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe nalgúns aspectos da materia.</p> <p><u>Actividades de repaso</u>: serán as maioritarias e farán fincapé en afianzar as aprendizaxes traballadas nos dous primeiros trimestres.</p> <p><u>Actividades de ampliación</u>: poderase recorrer a elas segundo a evolución do repaso e afianzamento dos contidos xa traballados.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Tentarase manter a metodoloxía que se recolle na programación didáctica, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e do seu contexto próximo. Continuarase traballando cara unha aprendizaxe significativa, que lles resulte funcional e transferible a novas situacións.</p> <p><u>Alumnado con conectividade</u>: atoparán periódicamente as propostas de traballo na páxina web do centro educativo.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade</u>: o Concello de Santa Comba puxo a disposición das familias un servizo de impresión para aquelas familias que o demanden. Tense coñecemento tamén de que algunhas familias con conectividade prestan apoio a outras que carecen desta.</p>
Materiais e recursos	<p><u>Materiais</u>: poñerase á disposición das familias todos os materiais que se requiran para continuar coas tarefas neste período non presencial.</p>

Recursos: empregaranse tanto recursos imprimibles coma diversas propostas dixitais (fichas interactivas, vídeos, audios...).

4. Información e publicidade

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	A información e a comunicación para o alumnado e as súas familias farase a través da páxina web do centro educativo e dos enderezos de correo electrónico das familias.
Publicidade	Este documento será publicado na páxina web do centro escolar para que poida ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.